

SECRETARIADOS DE CATEQUESE DE GALICIA




# CREO EN XESÚS

## 2

**CARPETA  
PRA  
CATEQUISTA**

Materiais  
complementarios  
ao catecismo  
**JESÚS ES EL SEÑOR**



# MATERIAL PARA CATEQUISTA

## CREO EN XESÚS 2

### **00.- Botámoslle unha ollada ao libro**

- 1.- Cubrimos a folla de asistencia.
- 2.- Lemos os títulos dos temas do libro e cada un vai escribir no caderno os tres temas que máis lle chaman a atención.
- 3.- Pomos en común o que cada quen escolleu.

### **24.- O Espírito Santo dá vida á Igrexa**

- 1.- Cubrimos a folla de asistencia.
- 2.- Facemos a páxina 5 cubrindo o que nos falta.
- 3.- Pomos cor ao debuxo.
- 4.- No caderno escribimos o título do tema, e cada neno vai escribir 3 frases que expliquen o que se ve nese debuxo. Ao remate lemos as frases que cada un foi escribindo no caderno.
- 5.- Na ficha fan a páxina 6. Poñen os máis datos posibles coa axuda dos catequistas (pode ser que algúns nomes non se saiban, non importa, o que interesa é que vexan que todos teñen unha historia de persoas e familia).
- 6.- No caderno contestan ás preguntas que veñen no apartado “presenta os teus familiares”.
- 7.- Poñen o nome de cada persoa que está no debuxo da páxina 5 imaxinando que é un debuxo da súa familia.
- 8.- Completan na ficha a páxina 7, e colorean os debuxos. Falamos cos nenos sobre o que cada debuxo representa.
- 9.- Completamos a páxina 8 facendo os dous traballos que se nos propón.
- 10.- No caderno escriben:  
**“Resume do tema 24:**  
(*escriben as frases ordenadas no último exercicio da páxina 8*)

## 25.- Hoxe, nós somos a Igrexa

- 1.- Cubrimos a folla de asistencia
- 2.- Completamos a páxina 11 das fichas escribindo o que falta.
- 3.- Pomos nome a cada persoa das que aparece no debuxo. O papa chámase ..., o bispo chámase ..., o cura chámase ..., as monxas chámanse Irmá María e Irmá Carme, e as demais persoas son veciños da parroquia. (o que facemos é amosar que a igrexa facémola entre todos). Coloreamos o debuxo.
- 4.- No caderno escribimos o título do tema. Facemos no caderno o primeiro traballo da páxina 12, de xeito que cada neno escribe dúas frases nas que explique que fai cos compañeiros da catequese, e outras dúas que expliquen o que fixo hoxe na clase cos compañeiros de curso. Ao remate lemos as frases que cada un foi escribindo no caderno, e explicamos que na igrexa tamén facemos cousas en grupo.
- 5.- Na ficha fan o segundo traballo da páxina 12. Ao remate imos lendo que contestou cada un como verdadeiro e falso e corriximos o que sexa necesario.
- 6.- Completamos a páxina 13, explicando cada apartado.
- 7.- Completamos os dous exercicios da páxina 14. Para o de unir con frechas temos as respostas na páxina anterior, e para o exercicio das preguntas temos algunha resposta na páxina 13 e o nome do papa é ..., vive en Roma. A nosa diocese chámase Tui-Vigo, o noso bispo chámase ..., vive en Vigo.
- 8.- No caderno escriben:

***“Resume do tema 25: Eu chámome ..... e son igrexa, ti es igrexa, todos somos a igrexa de Xesús.***

*(e escribimos as frases ordenadas do exercicio primeiro da páxina 14)*

## **26.- Atopámonos con Xesús Resucitado nos sacramentos**

- 1.- Cubrimos a folla de asistencia
- 2.- Completamos a páxina 17 das fichas escribindo o que falta.
- 3.- Na páxina 17 temos uns debuxos que corresponden cos sete sacramentos da Igrexa. Coloreamos o debuxo que ten que ver co bautismo e poñemos a palabra “bautismo” a o lado do debuxo. Facemos o mesmo co resto dos sacramentos. Seguimos este orde: 1º bautismo (debuxo da vela), 2º Confirmación (debuxo do neno e a pomba do Espírito), 3º Perdón-penitencia (debuxo do neno e o cura con gafas), 4º Eucaristía-misa (debuxo do pan e as uvas), 5º Unción dos enfermos (debuxo do que está na cama enfermo), 6º orde sacerdotal (debuxo do que ten os brazos cruzados e que está facéndose cura), 7º matrimonio (debuxo dos aneis e as rosas).
- 4.- No caderno escribimos o título do tema 26. Escribimos a frase “as persoas comunicámonos cos demais ... con xestos e símbolos” que está na páxina 18. Escribimos no caderno cousas que podemos expresar con xestos, por exemplo: pedirlle a alguén que veña (para isto facemos un xesto coa man), dicirlle a alguén que lle imos bater, dicirlle a alguén que está tolo da cabeza, dicirlle a alguén que estamos rezando, ... (do que se trata é que os nenos escriban cousas que podemos dicir con xestos, e cando rematen de escribir van facer os xestos para que os demais adiviñen o que escribiron).
- 5.- Completamos a páxina 18 das fichas.
- 6.- Xesús tamén se fai presente para nós con xestos e símbolos. A páxina 19 quere axudarnos, completamos o que lle falta.
- 7.- Facemos a páxina 20, e contestamos as preguntas do final da ficha no caderno..
- 8.- Intentan aprender de memoria o nome dos sete sacramentos.
- 9.- No caderno escriben:  
***“Resume do tema 26: Estes son os nomes dos sete sacramentos: bautismo,...***

## 27.- Chamados a colaborar na Igrexa

- 1.- Cubrimos a folla de asistencia
- 2.- Recordamos o tema 26, e repasamos o nome dos sete sacramentos.
- 3.- No caderno escribimos o título do tema 27. Logo escribimos os nomes dos sete sacramentos e ao lado de cada un escribimos o momento da vida no que recibimos os sacramentos:  
Bautismo----- cando somos pequenos  
Confirmación----- cando somos mozos  
Penitencia-perdón----- cando facemos algo mal e pedimos perdón  
Eucaristía----- cando comemos e ceamos  
Unción de enfermos----- cando estamos gravemente enfermos  
Orde sacerdotal----- cando unha persoa se fai cura  
Matrimonio----- cando nos casamos
- 4.- Lemos con calma na páxina 22 do libro o apartado “Xesucristo está presente nos sacramentos”.
- 5.- Sacamos o tema 27 e facemos a portada (páxina 23).
- 6.- Nos debuxos atopamos situacións nas que estamos facendo igrexa. Poñemos unha frase para cada debuxo e coloreamos:  
    Facemos igrexa na familia  
    Facemos igrexa coas persoas pobres e necesitadas  
    Facemos igrexa na catequese  
    Facemos igrexa na escola  
    Facemos igrexa sendo curas  
    Sempre facemos a igrexa de Xesús
- 7.- Facemos a páxina 24. Coloreamos os debuxos, fixándonos no que os debuxos nos queren contar.
- 8.- Completamos a páxina 25.
- 9.- Completamos a páxina 26. (a resposta do unir con frechas é Matrimonio ... para vivir, sacerdocio ... para facer presente, relixiosos ... para parecerse, misioneiros ... para anunciar, traballadores ... para facer unha sociedade). En vez de unir con frechas o que van facer é copiar a resposta axeitada fronte a matrimonio, sacerdocio, relixiosos, ... Á hora de corrixir unirán con frechas aquelas que teñan mal.  
    As preguntas da ficha contestámolas no caderno.  
    O último exercicio ten dúas frases verdadeiras e dúas falsas.
- 10.- No caderno escriben:  
***“Resume do tema 27: Os bos cristiáns fan presente a igrexa de Xesús.***

## 28.- Nacemos á vida nova

- 1.- Cubrimos a folla de asistencia
- 2.- Recordamos o tema 26, e repasamos o nome dos sete sacramentos.
- 3.- No caderno escribimos o título deste tema 28, e cubrimos a portada da ficha páxina 29.
- 4.- Coloreamos a portada, e escribimos ao lado de cada personaxe o nome que corresponde: nena, pai, nai, madriña, padriño, cura, irmán, pía bautismal, canda do bautizo (vela), auga do bautismo.
  
- 5.- Lemos a páxina 30 e contestamos as preguntas falando cos nenos.
  
- 6.- Na mesma páxina 30 completamos as palabras que faltan nos desexos dos pais.
- 7.- Facemos a páxina 31 da ficha.
  
- 8.- Completamos o primeiro traballo da páxina 32. (Intentamos que busquen e atopen as respostas na páxina anterior).
  
- 9.- No caderno escriben a pregunta:  
    Qué produce cada sacramento na vida do cristián?  
    Deseguido escriben estas tres respostas:
  - \* Co sacramento do bautismo nacemos á vida cristiá
  - \* Co sacramento da confirmación medramos na vida cristiá
  - \* Co sacramento da eucaristía (misa) unímonos máis a Xesús e compartimos mesa con El.
  
- 10.- Rematamos repasando os sete sacramentos e o momento no que os recibimos. (isto téñeno escrito no caderno no tema 27).  
Bautismo---- cando somos pequenos  
Confirmación----- cando somos mozos  
Penitencia-perdón----- cando facemos algo mal e pedimos perdón  
Eucaristía----- cando comemos e ceamos  
Unción de enfermos----- cando estamos gravemente enfermos  
Orde sacerdotal----- cando unha persoa se fai cura  
Matrimonio----- cando nos casamos
  
- 11.- No caderno escriben:  
***“Resume do tema 28: Eu chámome ..... e fun bautizado no nome do Pai, do Fillo e do Espírito Santo.***

## 29.- Medramos na vida da fe

- 1.- Cubrimos a folla de asistencia
- 2.- Recordamos o tema 26, e repasamos o nome dos sete sacramentos.
- 3.- No caderno escribimos o título deste tema 29, e facemos a páxina 35 escribindo o que falta.
- 4.- Todos fomos medrando ata o día de hoxe. Eles aínda son uns nenos pero seguro que se dan conta de que xa teñen medrado un chisco. Cada un deles vai escribir no caderno catro cousas nas que se nota que medrou. (non nos referimos só ao peso e á estatura, medraron en máis cousas, por exemplo: xa saben ler e escribir, xa non andan con chupete, xa colaboran nas tarefas da casa, xa saben falar, xa se visten sos, ...). Cada un vai dicir o que escribiu no caderno, e a catequista vai dicirlles a o final as que cree que son máis importantes de entre todas as que eles dixeron e as que están postas aquí.
- 5.- Fan a páxina 36 das fichas. Despois de corrixir o exercicio de verdadeiro e falso, no caderno escriben: “O mellor para medrar é: (e poñen as dúas frases verdadeiras), e escriben “Non medramos cando: (e poñen as dúas frases falsas).
- 6.- Fan a páxina 37. (Explicamos que o xesto da imposición das mans é unha maneira de dicir que a igrexa quere darnos unha man para que sigamos medrando axeitadamente, é o mesmo que cando alguén nos dá unha man para facer as cousas mellor). (Explicamos que a unción na fronte co Santo Crisma é un xesto no que o bispo fai unha cruz con aceite na fronte do mozo para expresar que esa persoa está protexida por Xesús para facer ben e non mal). Explicamos que a participación na eucaristía é estar o domingo reunidos con toda a parroquia para celebrar a misa e recordar que a parroquia somos todos).
- 7.- Completamos a páxina 37. A frase sería: Pola confirmación o Espírito Santo dános forza para ser **testemuñas** do **evanxeo**; **únenos** a **Xesús** e á **igrexa** e fai medrar os **dons** do **bautismo**.  
As respostas correctas do segundo exercicio son “o bispo”, “impóñense as mans ...” e “recibe por este sinal ...”.
- 8.- Escribimos no caderno:  
*Resume do tema 29: Pola confirmación o Espírito Santo dános forza para ser testemuñas do evanxeo; únenos a Xesús e á igrexa e fai medrar os dons do bautismo.*

## **30.- Chamados a vivir coma fillos de Deus**

- 1.- Cubrimos a folla de asistencia
- 2.- No caderno escribimos o título deste tema 30 e facemos a páxina 41 escribindo o que falta.
- 3.- Escribimos no caderno unha historia inventada que ten que ver co que pasa no debuxo da portada do tema 30 (páxina 41 do libro). Nesta historia teñen que saír: o home que está tapado coa manta, o neno co termo, o rapaz agachado, o que ten o vaso de café, e as dúas mulleres.
- 4.- Lemos a historia que cada un fixo, e coloreamos a portada do tema.
- 5.- Facemos nas fichas o exercicio da páxina 42 do libro.
- 6.- No caderno facemos o último exercicio da páxina 42. Cada neno elixe unha das catro frases e escribe a situación que esa frase pide. (Con este exercicio o que se fai é que cada neno vai escribir algo sobre sentirse ben, pasalo mal, axudar a alguén ou molestar a alguén).
- 7.- Completamos na ficha o exercicio da páxina 43 do libro.
- 8.- Facemos na ficha o exercicio de unir con frechas (páxina 44). A resposta correcta é “Deus deunos os dez mandamentos, Xesús ensínanos a vivir ..., e O Espírito Santo axúdanos a cumprir os ...
- 9.- Lemos entre todos este conto que contou Xesús e que coñecemos co nome de “parábola do bo samaritano”.

*Xesús contou este conto a un veciño:*

*-Dunha vez un home baixaba de Xerusalén a Iericó, e asaltárono uns bandidos, que, despois de o roubaren e bateren nel, deixárono medio morto. Cadrou a baixar polo mesmo camiño un sacerdote, que, ó velo, deu un rodeo e pasou de largo. Igual fixo un xuíz, que pasaba por alí: ó chegar e velo, deu un rodeo.*

*Pero un samaritano(unha persoa humilde), que ía de camiño polo mesmo lugar, ó velo, sentiu pena; e achegándose a el, curoulle as feridas con aceite e viño e vendoullas. Logo, montouno na súa cabalgadura, levouno a unha pousada e coidouno. O outro día colleu dos seus cartos, deullos ó pousadeiro, e díxolle: "Coida del, e cando volva xa che pagarei o que gastes de máis".*

*Preguntou Xesús -¿Quen dos tres che parece que foi mellor co que caeu nas mans dos bandidos?*

*El respondeu:*

*-O que practicou a misericordia e foi bo con el.*

*Díxolle Xesús:*

*-Pois ti vai e fai outro tanto.*

10.- Completamos na ficha as frases do último exercicio da páxina 44.

11.- No caderno escriben:

**“Resume do tema 30: As obras de amor dos cristiáns son:**

*(escribimos as seis frases do último exercicio da páxina 44)*



## **31.- Amamos a Deus sobre todas as cousas**

- 1.- Cubrimos a folla de asistencia
- 2.- Escribimos no caderno o título da ficha 31, e facemos na ficha a páxina 47 do libro escribindo o que falta.
- 3.- Fixándonos no debuxo da portada escribimos as distintas cousas que aparecen no debuxo e que nos indican que esas persoas se queren e se respectan.
- 4.- Lemos o que cada un escribiu, e coloreamos a portada do tema.
- 5.- Contestamos no caderno as preguntas que nos veñen na páxina 48 do libro, ao rematar lemos as respostas que escribimos.
- 6.- Coloreamos o debuxo desa mesma páxina, o debuxo da cidade na que todos se amaban e vivían en paz.
- 7.- Escribimos na ficha a frase que falta na páxina 48.
- 8.- Facemos as páxinas 49 e 50 das fichas completando o que falta, escribindo ben as palabras e unindo con frechas.
- 9.- Dámoslle o libriño dos mandamentos. Lemos as páxinas 3 e 4.
- 10.- No caderno escriben:  
  
***“Resume do tema 31: Estes son os dez mandamentos:***  
***1º***  
***2º***  
***3º***  
*(están no libriño e escriben a frase que aparece arriba de todo nas páxinas 10, 12, 14)*
- 11.- Intentamos que aprendan de memoria.

## 32.- Aprendemos a amar en familia

- 1.- Cubrimos a folla de asistencia
- 2.- Escribimos no caderno o título da ficha, e facemos na ficha a páxina 53 do libro escribindo o que falta.
- 3.- Fixándonos no debuxo da portada escribimos os nomes dos nosos familiares (sería bo que escribieran os máis posibles, non só os familiares cos que viven). Contamos e dicimos cantos nomes puxemos.
- 4.- Coloreamos a portada deste tema. Conforme imos coloreando imos pondo nome ás persoas da familia que aparecen no debuxo.
- 5.- Facemos na ficha o primeiro exercicio da páxina 54, e logo escribimos no caderno: “Estas son catro actividades importantes en cada familia: COLABORAR, COMPARTIR, AXUDAS E AMAR.
- 6.- Facemos o segundo exercicio da páxina 54. Despois da palabra “grazas” escribimos o nome dunha persoa da nosa familia, e despois da palabra “porque” escribimos unha frase na que damos grazas a esa persoa polo que fai. Un exemplo sería: Grazas mamá, porque me coidas cando estou enfermo.
7. Lemos as frases que cada un fomos escribindo.
- 8.- Escribimos na páxina 55 da ficha o que falta.
- 9.- Facemos o primeiro exercicio da páxina 56 da ficha, e lemos as frases. Cada un imos escoller as dúas frases máis importantes e copiámolas no caderno.
- 10.- Facemos o segundo exercicio da páxina 56 da ficha.
- 10.- No caderno escriben:  
**“Resume do tema 32: Estes son os dez mandamentos:**  
**4º**  
**5º**  
**6º**  
*(están no libriño e escriben a frase que aparece arriba de todo nas páxinas 16, 18, 20)*
- 12.- Intentamos que aprendan de memoria os seis primeiros mandamentos.

### **33.- Amamos a os demais coma irmáns**

- 1.- Cubrimos a folla de asistencia
- 2.- Escribimos no caderno o título da ficha e facemos na ficha a páxina 59 do libro escribindo o que falta.
- 3.- No caderno escriben momentos nos que o pasaron ben con alguén (teñen que por algún momento de festa na casa, na escola, na parroquia, no verán, nunhas vacacións ou nunha viaxe). Trátase de que escriban sobre momentos nos que compartiron con alguén. Unha vez feita a lista imos lendo e imos ir vendo ¿Porqué o pasaron ben?.
- 4.- Fixándonos no debuxo da portada, contestan no caderno á pregunta ¿En que se nota que están compartindo e que o están pasando ben?. Coloreamos a portada da páxina 59.
- 5.- Facemos o exercicio da páxina 60. Trátase de relacionar as frases de abaixo cos pensamentos de cada neno. Cando xa teñamos corrixido o exercicio, escribimos no caderno as catro frases que máis importantes nos parecen (cada neno elixe as súas).
- 6.- Completamos a páxina 61, fixándonos sobretudo no que Xesús quere de nós.
- 7.- Completamos as frases do primeiro exercicio da páxina 61 e unimos con frechas. (Olo porque algún dos mandamentos vai ter varias cousas).

10.- No caderno escriben:

***“Resume do tema 33: Estes son os dez mandamentos:***

***7º***

***8º***

***9º***

***10º***

*(están no libriño e escriben a frase que aparece arriba de todo nas páxinas 22, 24, 26, 28)*

9.- Intentamos que aprendan de memoria os dez mandamentos.

## **34.- Coma fillos, oramos a Deus, o Noso Pai**

1.- Cubrimos a folla de asistencia

2.- Antes de máis nada imos repasar os dez mandamentos que temos no libriño pequeno. Como axuda dámoslle o debuxo das dez cousas importantes (témolo na páxina 13 desta carpeta para catequista). Escriben as cinco primeiras (témolas na páxina 14 desta carpeta para catequista)., estúdanas, apréndenas. Escriben as outras cinco (témolas na páxina 13 desta carpeta para catequista), estúdanas e apréndenas.

3.- Pasamos agora a traballar o tema 34. Escribimos no caderno o título da ficha, e facemos na ficha a páxina 65 do libro escribindo o que falta.

4.- No caderno escriben as dúas preguntas do primeiro exercicio da páxina 66 e contéstanas.

5.- Na ficha completan o segundo exercicio copiando as tres cousas que necesitamos para comunicarnos con alguén.

6.- Colorean o debuxo dos nenos e os avós.

7.- Fan o exercicio de verdadeiro e falso que teñen na ficha na páxina 66. Repasamos as respostas para ver se todos acertamos.

8.- Completamos a páxina 67 da ficha, intentando que os nenos entendan que rezar e falar con Deus. Unha vez completados os textos imos facerlle as tres preguntas, buscando que nos respondan sen ler o que escribiron porque o que queremos é que o entendan e o expliquen coas súas palabras.

9.- Completamos as frases da páxina 68 da ficha. É difícil que o fagan eles sos, por iso imos ir completando as frases con eles.

A primeira frase di: Orar é falar con Deus que sabemos que nos ama.

A segunda frase: Oramos con palabras, cantos, xestos, silencios. A terceira frase: É importante rezar pola mañá (está mal, sóbránlle dúas raiñas) noite.

A cuarta frase: É bo rezar a soas, na familia, na parroquia, co grupo de catequese.

A quinta frase: Ensínannos a orar os santos, as monxas.


A última frase: Se nos deixamos guiar por El, calquera cousa que fagamos converterase en oración.

10.- Escribimos unha palabra en cada debuxo “na igrexa” “pola mañá” “pola noite”

11.- No caderno escriben:

***“Resume do tema 34:***

***Xesús ensinounos a rezar dicíndolle a Deus “Noso Pai”.***



# 10

## As dez cousas máis importantes





As dez cousas máis importantes



Acordareime de Deus cada día



Non direi palabrotas nin tacos



Participarei da festa do domingo



Farei caso a os meus pais



Non farei dano a os demais



Coidareime e coidarei a todos



Compartirei e non roubarei



Falarei ben e non direi mentiras



Non terei pensamentos ruíns



Compartirei e non serei egoísta

## 35.- Ás veces afastámonos do amor de Deus

- 1.- Cubrimos a folla de asistencia
- 2.- Antes de máis nada imos repasar os dez mandamentos que temos no libriño pequeno. Como axuda temos tamén o debuxo das dez cousas importantes. Teñen que dalos sabido.
- 3.- Pasamos agora a traballar o tema 35. Escribimos no caderno o título da ficha, e facemos na ficha a páxina 71 do libro escribindo o que falta.
- 4.- No caderno escriben “Dez cousas que eu fixen mal” e intentan recordar cousas que nalgún momento eles fixeron mal, xa sexa na escola, na casa, cos amigos (Teñen que ser 10 cousas que eles fixeron mal).
- 5.- Pomos en común o que escribiron.
- 6.- Lemos na páxina 72 do libro, e facemos na ficha o primeiro dos exercicios. Entre todos repasamos e corriximos o exercicio.
- 7.- Facemos o segundo dos exercicios da páxina 72, dicíndolle a os compañeiros que foi o que fixemos en cada debuxo.
- 8.- Facemos a páxina 73 da ficha, escribindo a frase do primeiro cadrado da esquerda e a frase do primeiro cadrado da dereita (explicamos o que quere dicir). Logo escribimos a frase do segundo cadrado da esquerda e a frase do segundo cadrado da dereita (explicamos o que quere dicir), e así imos facendo con todos os cadrados sempre no orde de un da esquerda e un da dereita.
- 9.- Cando cheguemos a o final escribimos e explicamos a frase de abaixo de todo. Unha vez feito, escriben no caderno esa mesma frase e decórana coas cores que queiran.
- 10.- Facemos na ficha os tres exercicios que nos propón a páxina 74 do libro, e corrixímolos.
- 11.- No caderno escriben:  
**“Resume do tema 35:**  
*(escribimos o apartado “realizamos” que está na páxina 75 do libro)*

## **36.- Xesús tráenos o perdón de Deus Pai**

- 1.- Cubrimos a folla de asistencia
- 2.- Antes de máis nada imos repasar os dez mandamentos que temos no libriño pequeno. Como axuda temos tamén o debuxo das dez cousas importantes.
- 3.- Pasamos agora a traballar o tema 36. No caderno, escribimos o número e o título do tema, e completamos na ficha os textos que faltan na páxina 77.
- 4.- Explicamos ¿Cómo se senten os dous nenos?, e ¿como se sinte Xesús a o ver a os dous nenos dándose un abrazo e perdoándose?.
- 5.- Imos lendo a páxina 78. No debuxo dos nenos temos a pregunta ¿que nos gustaría que pasara cando facemos algo malo a unha persoa? Hai cinco respostas, pero a mellor de todas é “que nos perdoasen”. Intentamos que os nenos digan porqué é importante perdoar. Podemos facer dialogando o outro exercicio que nos plantexa, cada neno vai recordar algún momento no que lle perdoaron, e ten que dicir ¿que fixera mal? e ¿Cómo se sentiu cando o perdoaron?.
- 6.- Facemos o exercicio de verdadeiro e falso que temos na 77.
- 7.- Imos falar do perdón de Deus. Traballamos a páxina 78. Copiamos o primeiro cadro en branco.  
No segundo cadro escribimos: Xesús ensínanos que Deus é un Pai que quere perdoarnos.  
No terceiro cadro escribimos: Xesús vai a o encontro dos pecadores para estar con eles.  
No cuarto cadro escribimos: Xesús faise amigo dos pecadores  
No quinto cadro escribimos: Xesús acolle e perdoa a quen se arrepiñe do mal que fixo.
- 8.- Todas as persoas ás veces facemos mal, tanto nenos coma maiores, por iso rematamos a páxina escribindo a última frase no cadro de abaixo de todo tal e como pon no libro: As persoas que ... tamén perdoaremos .
- 9.- Lémoslle o conto de Xesús no que nos fala do pai que tiña dous fillos e que perdoou a os dous (está no evanxeo de Lucas, e témolo na páxina 17 desta carpeta para catequista).
- 10.- Unha vez rematado de lerllo, recordamos entre todos o conto fixándonos nos catro debuxos da páxina 80, e contestamos ás preguntas no cadro en branco da ficha na páxina 80..
- 11.- Dámoslle o debuxo do conto (está na páxina 18 desta carpeta para catequista) e completan os textos que faltan (cada neno escribe o que lle parece) e logo lemos o que escribiron.



## PARÁBOLA DO PAI BO (Lc 15, 11-32)

Unha vez contou Xesús este conto:

-Un home tiña dous fillos. O máis novo díxolle ó pai:  
"Papá, dáme a parte da herdanza que me corresponde".

El repartiulle-los seus bens.

Días despois, este fillo recibiu todo xunto e marchou para un país remoto, onde malgastou a súa fortuna vivindo coma un perdido. Despois de o gastar todo, houbo unha gran fame naquela terra, e empezou a pasar necesidade. Entón, acudindo a un veciño do país, entrou a traballar de criado, e mandárono a unha granxa a coidar dos porcos. Alí chegou a ter gana de encher o estómago coas landras que comían os porcos, pero ninguén llas daba.

Recapacitando, pensou:

"¡Hai que ver! Cantos xornaleiros do meu pai teñen pan a fartar, e eu morro coa fame. Si, vou volver á de meu pai e voulle dicir: Papá, pequei contra o ceo e contra ti; xa non son digno de que me trates coma un fillo, trátame coma un xornaleiro".

Levantouse e volveu onda seu pai. Aínda estaba lonxe cando este, saíu emocionado a recibilo, e botándoselle nos brazos, bicouno agarimosamente. O fillo exclamou:

"Papá, pequei contra o ceo e contra ti, xa non son digno de que me trates coma un fillo".

Pero o pai díxolles ós seus criados:

"Axiña, sacade a túnica mellor e vestídella; poñédelle un anel na man e calzado nos pés. Preparade un terneiro para comelo e facer unha gran festa. Porque este fillo meu estaba morto e volve á vida, estaba perdido e atopámolo". E empezou a festa.

Pero resulta que o fillo máis vello estaba na leira e cando viña para casa, oíu a música e mailo baile. Chamou por un criado e preguntoulle que pasaba. O criado contestoulle:

"É que volveu teu irmán, e teu pai mandou facer festa por recuperalo san e salvo".

Entón este fillo máis vello alporizouse moito, e non quería entrar.

O pai, intentouno convencer, pero este fillo díxolle:

"Tantos anos como levo servíndote sen che faltar nunca en nada, e nunca un cabrito me deches para farrear cos meus amigos; e agora resulta que vén ese teu fillo, que gastou os teus bens con mala vida, e faslle unha festa".

O pai contestoulle:

"Meu fillo, ti sempre estás comigo e todo o meu é teu, ¿que menos que celebrar unha festa cheos de alegría, xa que ese teu irmán estaba morto e volve á vida, estaba perdido e atopámolo?".

## A HISTORIA DE ZAQUEO(Lc 19, 1-10)

Unha vez chegou Xesús á aldea chamada Iericó e pasaba atravesando o pobo. Había alí un home chamado Zaqueo, xefe dos recadadores e moi rico. Intentaba ver quen era Xesús; pero impedíallo a xente, porque el era pequeneiro. Entón botou a correr e subiu a unha figueira para velo, porque sabía que Xesús ía pasar por alí.

Ao pasar Xesús por aquel lugar, levantou a vista e díxolle:  
-Zaqueo, baixa de contado, que hoxe teño que parar na túa casa. El, baixando de contado, acolleuno moi contento. Pero vendo aquilo, a xente empezou a murmurar:  
-Entrou a se hospedar na casa dun pecador.

Zaqueo, posto de pé, díxolle ao Señor:  
-Señor, darei a metade de todo canto teño aos pobres e, se algo roubei a alguén, devolvereille catro veces máis.

Entón Xesús dixo:  
-Hoxe chegou a salvación a esta casa, pois tamén este é fillo de Abraham. Porque o Fillo do Home vén buscar e salvar o que estaba perdido.

UN PAI TIÑA  
DOUS FILLOS



## 37.- Celebramos a reconciliación

- 1.- Cubrimos a folla de asistencia
- 2.- Antes de máis nada imos repasar os dez mandamentos que temos no libriño pequeno.
- 3.- Repasamos tamén os sete sacramentos que tiñamos traballado na páxina 20 do libro. Miramos cales eran porque un deles é o que ven no tema de hoxe. “Penitencia, perdón ou reconciliación” é o sacramento que imos repasar no tema de hoxe.
- 4.- Pasamos agora a traballar o tema 37. Escribimos no caderno o título da ficha, e facemos na ficha a páxina 83 do libro escribindo o que falta.
- 5.- Intentamos repasar cos nenos a historia do pai que tiña dous fillos, e que lemos a semana pasada. Imos dando pistas e que os nenos recorden. Preguntamos ¿porqué os dous fillos necesitaban pedir perdón?. Sería bo que foran capaces de recordar sen termos que ler de novo o texto.
- 6.- Completan os cadros e unen con frechas o primeiro dos exercicios da páxina 84.
- 7.- Escriben no caderno as catro frases tal como quedaron ben unidas coas frechas.
- 8.- Fan o segundo exercicio da páxina 84, copiando só aquelas frases que indican o que eles farían a o pedir perdón (columna da esquerda), e despois de diciren as respostas copian só aquelas frases que indican o que eles farían con alguén que lles ven pedir perdón (columna da dereita). Fixarse ben na diferenza que hai entre as dúas columnas porque nunha fala de nós pedir perdón e na outra fala de alguén que nos pide perdón a nós.
- 9.- Completamos a páxina 85 da ficha. É das máis importantes do tema, e nela miramos as cousas que facemos no sacramento do perdón-penitencia-ou reconciliación. No paso 1 (exame de conciencia) pensamos nas cousas que fixemos e que entristeceron a Xesús. No paso 2 (dor dos pecados) sentimos pena por esas cousas que fixemos e que entristeceron a Xesús. No paso 3 (propósito da enmenda) prometemos non volver a facer iso que entristeceu a Xesús. No paso 4 (confesión dos pecados) falando co cura dicímoslle a Xesús que nos perdoe polas cousas que fixemos e que o entristeceron. No paso 5 Xesús perdóanos. E no paso 6 (cumprir a penitencia) facemos algo para alegrar a Xesús, porque igual que fóramos capaces de entristecelo tamén somos capaces de que se alegre con outras cousas que podemos facer. (Esta é a explicación de todos os pasos para celebrar que Xesús nos perdoa).
- 10.- Completamos as frases e unimos con frechas a páxina 86 da ficha.
- 11.- Facemos o último exercicio da páxina 86 escribindo as letras que faltan e lendo e entendendo o que a frase nos quere ensinar.
- 12.- No caderno escriben: ***Resume do tema 37: Grazas Señor polo sacramento da penitencia que nos perdoa os pecados***

## **38.- Celebramos a Eucaristía no día do Señor**

- 1.- Cubrimos a folla de asistencia
- 2.- Antes de máis nada imos repasar os sete sacramentos que traballamos fai tempo, pois nestes últimos temas estamos falando dun deles (A EUCARISTÍA). Están na páxina 20 do libro (podemos primeiro intentar recordalos sen mirar polo libro).
- 3.- No caderno copiamos o título do tema, e completamos a páxina 89 da ficha.
- 4.- Completamos o primeiro exercicio da páxina 90 e despois de termos as frases escritas unimos con frechas co debuxo que lle corresponde.
- 5.- Completamos no caderno estas catro frases: (non abonda con unha palabra, é máis ben que escriban sobre o que fan no tempo libre, o que fan como familia, o que fan cos amigos, etc, canto máis digan mellor)
  - 1 **Gústame o domingo porque teño tempo libre para ..**
  - 2 **Gústame o domingo porque coa miña familia ...**
  - 3 **Gústame o domingo porque cos meus amigos ...**
  - 4 **Gústame o domingo porque pode estar con persoas coas que normalmente non estou durante toda a semana.**
- 6.- Facemos na páxina 90 da ficha o segundo dos exercicios completando as frases correctamente. A o rematar corriximos.
- 7.- Coloreamos a portada do tema, porque nos fai referencia a como nos domingos os cristiáns reunímonos na igrexa para atoparnos con Xesús e cos veciños.
- 8.- Completamos os cadros da páxina 91 da ficha. Son as cinco primeiras cousas que facemos na misa os domingos.
- 9.- Facemos o primeiro exercicio da páxina 92 unindo con frechas.
- 10.- Facemos o segundo exercicio da páxina 92 pondo os números como se nos indica.
- 11.- Rematamos escribindo no caderno:

*“Resume do tema 38:*

### ***PARTES DA MISA***

- 1.- ***O CANTO INICIAL***
- 2.- ***O SAUDO DO CURA E O SINAL DA CRUZ***
- 3.- ***O MOMENTO DO PERDÓN***
- 4.- ***A LOANZA A DEUS CO CANTO DO GLORIA***
- 5.- ***A ORACIÓN QUE SE PRESENTA A DEUS***

## 39.- Escoitamos a Palabra de Deus

- 1.- Cubrimos a folla de asistencia
- 2.- Antes de máis nada imos repasar os sete sacramentos que traballamos fai tempo, pois nestes últimos temas estamos falando dun deles (A EUCARISTÍA). Están na páxina 20 do libro (podemos primeiro intentar recordalos sen mirar polo libro).
- 3.- No caderno escriben o número e o título deste tema, e completamos a páxina 95 da ficha.
- 4.- Fan un debuxo dun libro aberto. Dentro do libro escriben en letras grandes a palabra BIBLIA.  
Debaixo do debuxo escriben a última frase que temos na páxina 95 do libro, e explicámoslle que a biblia é o libro no que están escritas as cousas de Deus. A parte máis importante da biblia son os EVANXEOS porque nos contan o que dixo e fixo Xesús.
- 5.- Completamos o primeiro exercicio da páxina 96 e despois imos lendo o que cada neno escribiu como bo consello que esas persoas lle deron nalgún momento.
- 6.- Saltamos un exercicio e imos completar os tres primeiros cadros que temos na páxina 97 da ficha e que nos falan de que podemos escoitar os consellos de Deus...
- 7.- Volvemos atrás e facemos agora o segundo exercicio da páxina 96. Lemos as respostas e intentamos que todos estean de acordo no que contestaron. Axudamos a comprender a importancia que ten escoitar os bos consellos dos demais e a importancia que ten escoitar os consellos de Deus.
- 8.- Imos completar agora o que nos falta da páxina 97.
- 9.- Facemos o exercicio primeiro que temos na páxina 98 da ficha. (O orden das palabras é: lecturas, evanxeo, homilía, credo, oración universal)
- 10.- Saltámonos o exercicio do debuxo e continuamos facendo a páxina 98 da ficha. As palabras escondidas son: escoitámola, comprendela, vivila.
- 11.- Rematamos escribindo no caderno:

*“Resume do tema 39:*

### **PARTES DA MISA**

- 6.- LEMOS A BIBLIA**
- 7.- EXPLICAMOS AS LECTURAS**
- 8.- REZAMOS O CREDO**
- 9.- FACEMOS AS NOSAS PETICIÓNS A DEUS**

## **40.- Damos grazas a o Pai pola entrega de Xesús**

- 1.- Cubrimos a folla de asistencia
- 2.- Antes de máis nada imos repasar os sete sacramentos que traballamos fai tempo, pois nestes últimos temas estamos falando dun deles (A EUCARISTÍA). Están na páxina 20 do libro (podemos primeiro intentar recordalos sen mirar polo libro).
- 3.- No caderno copiamos o título do tema, e completamos a páxina 101 da ficha.
- 4.- Traballamos no caderno o primeiro exercicio da páxina 102. Os nosos pais quérennos. A o lado do debuxo o libro fálanos de cinco cousas que mostran todo o que os nosos pais están dispostos a facer por nós. Cada neno terá que escribir as cinco no caderno e a o lado de cada unha terán que escribir un momento concreto diso. (por exemplo “tratan de facernos felices” podemos engadirlle “celebran o meu cumpreanos”, ou na de “preocúpanse de nós” podemos engadir “van comigo a o médico cando estou enfermo”). Cada neno léenos o que escribiu.
- 5.- Completamos na ficha o exercicio dous da páxina 102, e cada neno lee o que escribiu.
- 6.- Completamos a carta que temos na páxina 102 da ficha, e lémoslla a os compañeiros.
- 7.- Na misa hai unha parte que se chama “pregaria eucarística”, é unha oración na que lle damos grazas a Deus Pai. Completamos a páxina 103 da ficha.
- 8.- Completamos o primeiro exercicio da páxina 104, e unimos con frechas. As resposta axeitadas son :  
o sacerdote dá .... polas obras  
o sacerdote fai ... de Xesús na  
o pan e o ... no corpo e  
todos respondemos ... proclamamos a  
na eucaristía ... o sacrificio
- 9.- Facemos os dous exercicios últimos da páxina 104. As catro respostas son:  
1      PREGARIA EUCARISTICA      2      PAN E VIÑO  
3      TOMADE E COMEDE ... TOMADE E BEBEDE  
4      ACCIÓN DE GRAZAS
- 10.- Rematamos escribindo no caderno:  
*“Resume do tema 40:*

### **PARTES DA MISA**

**10.- TRAEMOS AO ALTAR O PAN E O VIÑO**

**11.- DAMOS GRAZAS AO PAI NA PREGARIA EUCARÍSTICA**

## **41.- Comemos o pan da vida eterna**

- 1.- Cubrimos a folla de asistencia
- 2.- Antes de máis nada imos repasar os sete sacramentos que traballamos fai tempo, pois nestes últimos temas estamos falando dun deles (A EUCARISTÍA). Están na páxina 20 do libro (podemos primeiro intentar recordalos sen mirar polo libro).
- 3.- No caderno copiamos o título do tema, e completamos a páxina 107 da ficha.
- 4.- Facemos os exercicios da páxina 108. Cando rematemos lemos entre todos a páxina completa.
- 5.- Facemos un resume do máis importante que se nos di na páxina 108 do libro, abonda con tres ou catro frases. Logo lemos o que cada neno escribiu.
- 6.- Completamos a ficha 109. (A palabra “comuñón” quere dicir “comer o pan a o que Xesús nos convida”).
- 7.- Lemos a páxina 109 do libro.
- 8.- Facemos o primeiro exercicio da páxina 110 escribindo e despois unindo con frechas. (as respostas son: antes ... acudindo; na misa ... rezando; na comuñón ... o sacerdote; despois ... oramos)
- 9.- Facemos o segundo exercicio da páxina 110. (as respostas son: na frase 1 a palabra correcta é forza; na frase 2 a palabra correcta é irmáns; e na frase 3 a palabra correcta é alimento).

- 10.- Rematamos escribindo no caderno:

*“Resume do tema 41:*

### **PARTES DA MISA**

- 12.- REZAMOS O NOSO PAI**
- 13.- DÁMONOS A PAZ**
- 14.- COMEMOS O PAN DE XESÚS**
- 15.- VOLTAMOS Á CASA**



## 42.- Somos herdeiros dunha gran promesa

- 1.- Cubrimos a folla de asistencia
- 2.- Antes de máis nada imos repasar os sete sacramentos que traballamos fai tempo, pois nestes últimos temas estamos falando dun deles (A EUCARISTÍA). Están na páxina 20 do libro (podemos primeiro intentar recordalos sen mirar polo libro).
- 3.- No caderno escribimos o título do tema, e completamos a páxina 113 da ficha.
- 4.- Lemos e contestamos a o que se nos pregunta na páxina 114.
- 5.- Completamos a páxina 115.
- 6.- Facemos o primeiro exercicio da páxina 116.
- 7.- Unimos con frechas o segundo dos exercicios. (As respostas axeitadas son:  
Cando ... no bautismo;  
Onde ... na eucaristía  
Quen ... o espírito  
Que ... a vida eterna
- 8.- Podemos facer un exercicio no caderno consistente en facer dúas listas de cousas. Por un lado imos escribir cousas boas que hai na vida (poden ser persoas, animais, cousas,...). Despois por outro lado imos escribir cousas malas que hai na vida. Cando rematemos escribimos no caderno a frase final da páxina 114. Repasamos o que temos na páxina 115.
- 10.- Rematamos escribindo no caderno:  
***“Resume do tema 42:  
Cremos que Deus Pai nos dará un mundo novo  
no que non haberá dor nin morte.  
Cremos que Deus Pai nos dará a vida eterna  
na que seremos felices para sempre.  
Cremos que Deus Pai está ao noso lado  
e axúdanos a facer un mundo mellor”.***  
(estas palabras están na páxina 117 do libro)

## **43.- Deus invítanos á súa casa**

- 1.- Cubrimos a folla de asistencia
- 2.- Antes de máis nada imos repasar os sete sacramentos que traballamos fai tempo (están na páxina 20 do libro), e repasamos tamén os 10 mandamentos (témolos nunha folliña solta na que falamos de 10 cousas importantes ou tamén nas páxinas do libro 49, 55, e 61)
- 3.- Se imos facendo ben na vida de cada día estes sacramentos e estas 10 cousas entón ten sentido o tema 43 que hoxe imos traballar.
- 4.- No caderno copiamos o título do tema e completamos a páxina 119 das fichas.
- 5.- Coloreamos a portada do tema fixándonos en como esa familia que está na praia acolle e axuda á persoa que acaba de chegar. Tamén un día Deus nos vai acoller na súa casa como escribimos no título deste tema 43.
- 6.- No caderno facemos unha raia a o medio e dun lado imos escribir cousas boas e do outro cousas non tan boas. Estas cousas son as frases que os nenos din na páxina 120. Trátase de ver como na vida eliximos o que imos facer e ás veces facemos ben e outras facemos mal. Nun lado da raia coa que dividimos a folla do caderno escribimos FIXEN BEN e do outro lado escribimos FIXEN MAL. Lemos e comprobamos se todos coincidimos.
- 7.- Tamén no caderno contestamos as tres preguntas que temos no exercicio da páxina 120.
- 8.- Facemos o último exercicio da páxina 120 debuxando caras alegres ou caras tristes segundo corresponda, e logo miramos que todos coincidamos.
- 9.- Completamos a páxina 121 da ficha. Imos lendo cada un dos cadros e completámoslos copiando todo o texto ou facendo un resume de cada cousa.
- 10.- Facemos o exercicio da páxina 122 completando as frases. E para facer o segundo exercicio desta páxina na que tratamos o que nos di Xesús imos lerlle a os nenos un conto que contou Xesús e que nos ensina a facer ben como fixo El (está na páxina 26 desta carpeta para catequista).

## No evanxeo de San Mateo, Xesús conta este conto

Cando veña o Fillo de Deus na súa gloria, sentará no seu trono coma Rei. Diante del xuntaranse todos os pobos; e separará uns dos outros.

Entón dirá o Rei a uns:

"Vinde, benditos do meu Pai; pasade á festa porque tiven fame e déstesme de comer; tiven sede e déstesme de beber; fun forasteiro e acolléstesme; estiven espido e vestístesme; enfermo e visitástesme; estiven na cadea e viñéstesme ver".

Entón preguntaranlle eles:

"Señor, ¿cando te vimos famento e che demos de comer; ou sedento e che demos de beber?

¿Cando te vimos forasteiro e te acollemos; ou espido e te vestimos? ¿Cando te vimos enfermo ou na cadea e te visitamos?"

O rei contestaralles:

"Asegúrovos que canto fixestes cun destes do meu pobo fixéstelo comigo".

E o Rei diralles logo a os outros:

"Arredade de min, malditos e ruíns; porque tiven fame e non me destes de comer; tiven sede, e non me destes de beber; fun forasteiro e non me acollestes; estiven espido e non me vestistes; enfermo e na cadea e non me visitastes".

Eles replicaranlle:

"Señor, ¿cando te vimos famento ou sedento, forasteiro ou espido, enfermo ou na cadea e non che acudimos?"

El responderalles:

"Asegúrovos que canto deixastes de facerlle a un destes máis pequenos do meu pobo, deixastes de mo facer a min.

E o Rei rematou dicindo:

"Vinde vós os que fixestes ben".

## 44.- Os santos, os amigos de Deus

- 1.- Cubrimos a folla de asistencia
- 2.- Antes de máis nada imos repasar os sete sacramentos que traballamos fai tempo (están na páxina 20 do libro), e repasamos tamén os 10 mandamentos (témolos nunha folliña solta na que falamos de 10 cousas importantes ou tamén nas páxinas do libro 49, 55, e 61)
- 3.- Se imos facendo ben na vida de cada día estes sacramentos e estas 10 cousas entón ten sentido o tema 44 que hoxe imos traballar, pois os santos son os homes e mulleres que fixeron realidade estas cousas na súa vida.
- 4.- No caderno escribimos o título do tema e completamos a páxina 125 das fichas.
- 5.- Poñen o nome de un santo ou santa a cada unha das caras que teñen no debuxo da portada deste tema 44 (San Bieito, San Martiño, San Antón, Santa Lucía, San Lourenzo, Santa María, Santa Marta, Santa Ana, San Paio ...)
- 6.- Fan o primeiro exercicio da páxina 126 pondo as letras que faltan (se non son capaces podemos ir dicíndolle algunha letra, os nomes son Santa Tareixa, Beata Tareixa de Calcuta, San Francisco de Asís, e San Francisco Xavier).
- 7.- Falamos agora dunha muller que se chamaba Tareixa de Calcuta. Para nós é unha santa. Viviu nunha cidade de India que se chama Calcuta, aínda que ela non nacera alí. Adicou moitos anos da súa vida no medio dos pobres máis pobres da cidade de Calcuta, e gustáballe moito compartir á beira dos enfermos. Era unha muller sinxela que non lle gustaba presumir de nada, e quixo vivir pobre no medio dos máis pobres. Na nosa igrexa hai moitas imaxes de santos, as mais importantes son San Lourenzo, San Bieito, Santa María, San Antón, .... Os santos son importantes polo xeito en como viviron, por iso cremos neles, porque poden axudarnos a nós a vivir e a facer como eles fixeron. Con isto que lle falamos neste apartado 7 eles teñen que responder as catro preguntas do exercicio que está na páxina 126.
- 8.- Completan a páxina 127, e lemos entre todos o que esta páxina nos quere dicir.
- 9.- Facemos a páxina 128.
- 10.- Rematamos escribindo no caderno:  
**“Resume do tema 44:**  
***Estamos chamados a ser santos amando a todos sementando paz e alegría ao noso arredor. Comprometémonos a:***  
*(copiamos un dos compromisos do apartado “realizamos” que está na páxina 129 do libro).*

## **Tema final e resume de todo o traballado**

- 1.- Cubrimos a folla de asistencia
- 2.- Hoxe, estamos rematando o temario e do que se trata é de repasar todo o que estivemos facendo ao longo do curso.  
O primeiro que facemos é ler entre todos os títulos dos temas que traballamos no noso libro.
- 3.- Despois de telos lido o que facemos é que cada neno escriba no caderno os números e os títulos dos cinco temas que prefiran
- 4.- Cada neno vai ler os temas que elixiu e comprobamos se coinciden nalgúns. Se coinciden mellor porque agora do que se trata é de que fagan un debuxo do tema no que máis nenos teñan coincidido. Se non coincidiran en ningún dos temas dá igual e serán as catequistas as que decidan cal pode ser o tema máis importante e os nenos terán que facer un debuxo relacionado con ese tema.
- 5.- Para rematar poden escribir no caderno unha oración a Xesús na que lle falen e lle agradezan o que este ano foron compartindo na catequese.
- 6.- Tamén as catequistas poden dicir o que máis lle gustou das catequese deste curso, e poden tamén valorar positivamente os esforzos que os nenos foron facendo ao longo de todo o ano.